



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Enfermería da Saúde Mental | | Código | 750G01015 |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | nuria.varela.feal@udc.es | |
| Profesorado | Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | nuria.varela.feal@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | <p>Preténdese capacitar o futuro profesional de enfermaría para que, ao empregar os coñecementos adquiridos, poida observar, identificar e dar resposta ás necesidades emocionais do individuo, da familia e da comunidade, tratando de pór ao seu alcance os instrumentos necesarios que posibiliten o manexo ante as situacións determinadas, para así poder valorar os problemas de enfermaría e planificar os coidados encamiñados a responder ás necesidades, as condutas e os sentimentos do paciente, integrando plenamente a atención na saúde mental.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|---|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Describir os principais problemas de Saúde Mental. | A59 | B3 B4 B8 B15 B16 B24 |
| Identificar as necesidades de coidado das persoas con problemas de Saúde Mental. | A59 | B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24 | C3 C6 C12 |
| Planificar coidados de Enfermaría para as persoas con problemas de Saúde Mental. | A59 | B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24 | C3 C6 C10 |



| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| UNIDADE DIDACTICA I: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA PSIQUIATRICA E DE SAÚDE MENTAL | <p>TEMA 1.- Introducción á enfermaría psiquiátrica.</p> <ul style="list-style-type: none">1.1 Concepto de saúde mental1.2 Historia da psiquiatría e da enfermaría psiquiátrica1.3 Definición de enfermaría en saúde mental. <p>TEMA 2.- Rol da/o enfermeira/o na saúde mental</p> <ul style="list-style-type: none">2.1 Función social da enfermaría na saúde mental2.2 A entrevista clínica no contexto da saúde mental.2.3 Achegas terapéuticas da enfermaría ao equipo interprofesional. |



UNIDADE DIDACTICA II: PROCESOS
PSICOPATOLOXICOS

TEMA 3.- Bases conceptuais da psicopatoloxía clasificación dos diagnósticos.

3.1 Enfermidade psiquiátrica e trastorno en psiquiatría 3.2 Bases biolóxicas, psicolóxicas e sociais da psiquiatría 3.3 Principais alteracións dos procesos psicolóxicos

3.4 Sistemas de clasificación dos diagnósticos.

TEMA 4.- Trastornos psicóticos.

4.1 Concepto.

4.2 Manifestacións.

4.3 Intervencións.

TEMA 5.- Trastornos do estado de ánimo.

5.1 Concepto.

5.2 Manifestacións.

5.3 Intervencións.

TEMA 6.- Trastornos por ansiedade.

6.1 Concepto.

6.2 Manifestacións.

6.3 Intervencións.

TEMA 7.- Trastornos somatomorfos e dissociativos.

7.1 Concepto

7.2 Manifestacións

7.3 Intervencións.

TEMA 8.- Trastornos da conduta alimentaría.

8.1 Concepto

8.2 Manifestacións

8.3 Intervencións.

TEMA 9.- Trastornos da personalidade.

9.1 Concepto

9.2 Manifestacións

9.3 Intervencións.

TEMA 10.- Trastornos relacionados con substancias psicoactivas.

10.1 Concepto

10.2 Clasificación das drogas

10.3 Manifestacións

10.4 Intervencións.

TEMA 11.- Delirium e demencia.

11.1 Concepto.

11.2 Manifestacións clínicas.

11.3 Intervencións.

TEMA 12.- Trastornos do inicio na infancia, nenez e adolescencia.

12.1 Concepto

12.2 Manifestacións



12.3 Intervencións.

TEMA 13.- Trastornos do soño.

13.1 Concepto

13.2 Manifestacións

13.3 Intervencións.



| | |
|---|--|
| UNIDADE DIDACTICA III: ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN. | <p>TEMA 14.- Técnicas grupais en saúde mental:</p> <p>14.1 Grupos terapéuticos.</p> <p>14.2 Grupos de discusión multifamiliar.</p> <p>TEMA 15.- Intervención familiar. Modelo PAS y Dialogo Abierto.</p> <p>TEMA 16.- Técnicas de intervención en situacións de urxencia psiquiátrica:</p> <p>16.1 Concepto de urxencia psiquiátrica.</p> <p>16.2 Protocolos de intervención.</p> <p>TEMA 17.- Estratexias de intervención en situacións de duelo:</p> <p>17.1 Concepto de duelo.</p> <p>17.2 Tipos de duelos.</p> <p>17.3 Proceso de acompañamento.</p> |
|---|--|

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva | A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11 | 2 | 15 | 17 |
| Recensión bibliográfica | B3 B8 B16 C6 C7 C11 | 0 | 15 | 15 |
| Foro virtual | B3 B4 B8 B16 C3 C11 | 0 | 19 | 19 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A59 B2 B3 B5 B6 B7 B15 B16 B24 C10 C11 C12 | 9 | 20 | 29 |
| Obradoiro | A59 B2 B5 B7 B15 B16 C10 C12 | 10 | 20 | 30 |
| Sesión maxistral | A59 B3 B4 B8 B16 C7 C8 | 21 | 15 | 36 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba obxectiva | <p>Exame tipo test. A proba será elaborada co fin de valorar o nivel de coñecementos teóricos do alumnado.</p> <p>A proba deberá realizarse de maneira presencial utilizando as ferramentas informáticas institucionais.</p> |
| Recensión bibliográfica | <p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema.</p> <p>- Esta metodoloxía realizarse de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p> <p>Complementarase cunha aprendizaxe Flipped Learning, lectura crítica da bibliografía e exposición en clase e participación e xestión de debates e deliberación.</p> |



| | |
|---------------------------------------|--|
| Foro virtual | <p>Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dunha contorna virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).</p> <p>- Esta metodoloxía realizarse de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p> |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | <p>Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, ciclo de conferencias, exposicións, etc., e da realización dos traballos derivados a través dunha contorna virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.</p> <p>Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.</p> |
| Obradoiro | <p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>- O alumnado dividirase en grupos de número reducido.</p> <p>- Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p> |
| Sesión maxistral | <p>Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do alumnado. Baseada na exposición oral complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos Recensión bibliográfica | A atención personalizada ten como finalidade orientar o alumnado na realización das diferentes actividades integradas na materia. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|--|---------------|
| Foro virtual | B3 B4 B8 B16 C3 C11 | <p>Valórase a participación e a capacidade reflexiva sobre os temas achegados e/ou expostos nos foros, a expresión escrita dos comentarios, suxestións e/ou reflexións expostas polo alumnado. A súa capacidade de análise e pensamento crítico, así como a súa creatividade.</p> <p>A participación no foros supón o 5% (0,5 punto) da nota final.</p> <p>Terá unha puntuación de 0 a 10.</p> | 5 |



| | | | |
|---------------------------------------|--|---|----|
| Obradoiro | A59 B2 B5 B7 B15 B16 C10 C12 | Valórase a participación nos obradoiros, a entrega das actividades e tarefas, as habilidades e conductas mostradas como resposta as accións de mellora e a adquisición de novas habilidades a través da práctica dramatizada ou role playing a partir da rúbrica de avaliación presentada inicialmente. É obrigatoria e supón o 20% (2 puntos) da nota final. Será necesario alcanzar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. | 20 |
| Proba obxectiva | A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11 | Exame tipo test, cunha única resposta correcta. É obrigatoria e supón un 60% (6 puntos) da nota total. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos-(nº de errosx0.5). Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. | 60 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A59 B2 B3 B5 B6 B7 B15 B16 B24 C10 C11 C12 | Avalíanse os seguintes aspectos. asistencia, participación e entrega dos comentarios o reflexions solicitadas. Supón o 5% (0,5 puntos) da nota final. Terá unha puntuación de 0 a 10 | 5 |
| Recensión bibliográfica | B3 B8 B16 C6 C7 C11 | A comprensión da documentación achegada valórase a través das respostas, por parte do alumnado, a unha serie de preguntas realizadas sobre o tema ou a entrega de breves comentarios sobre o contido dos textos. O Flipped Learning consistirá en expoñer as súas reflexións a través da exposición na aula e posterior debate sobre o tema suscitado. É obrigatoria e supón o 10% (1 puntos) da nota final. Terá unha puntuación de 0 a 10. | 10 |

Observacións avaliación



Para superar a materia no SISTEMA ORDINARIO (obligatorio para todo o alumnado con matrícula ordinaria) o estudiantado debe superar cada unha das partes: recensión bibliográfica (10%), obradoiro (20%), eventos científicos e/ou divulgativos (5%) foro virtual (5%) e proba obxectiva (60%).

A cualificación de non presentado: otorgarase ao alumnado que non se presente ao exame nin participe nas actividades programadas.

O alumnado da convocatoria adiantada de Decembro e Segunda Oportunidade, debe cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias.

O alumnado con matrícula a tempo parcial (con o sin dispensa académica) poderá optar a non acudir as actividades grupais presenciais, pero deberá participar nas tarefas, foros, eventos e traballos programados e presentalas de forma individual na plataforma virtual.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia por segunda o posteriores matrículas poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a unha proba obxectiva que tendrá una valoración do 100%.

Para optar á matrícula de honra, o alumnado deberá acadar unha calificación final entre 9,5 - 10.

SEGUNDA OPORTUNIDADE E OTRAS: O/a estudante de "2ª oportunidade e outras" seguirá o sistema de avaliación da 1ª oportunidade. Poderá presentar as actividades académicas programadas pendentes e/ou a proba obxectiva non superada.

SICUE, ERASMUS E BILATERAL. Os estudantes vinculados cos programas de mobilidade deben cumprir os mesmos requisitos que na convocatoria ordinaria para a superación da materia.

FRAUDE: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Francés et al (2015). DSM.V (Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales). . Barcelona: MASSON - Mejías Lizancos F. Serrano Parra M. D. (2000). Enfermería en Psiquiatría y salud mental. . Madrid: Piramide - O´ Brien Kennedy Ballard (2000). Enfermería Psiquiátrica. México: Mc Graw - Hill - Cyrulnik Boris (2015). Las almas heridas. Barcelona: Gedisa - Neimeyer, R. A., & Ramírez, Y. G. (2002). Aprender de la pérdida: una guía para afrontar el duelo. Barcelona: Paidós - Varela, Nuria, Escudero, Valentín y López, Silvia (2015). Familias y enfermedad física: [Manual de intervención familiar y multifamiliar. Madrid: Editorial Grupo5 - Read John, Mosher Loren R. and Bentall Richard P. (2006). Modelos de locura. Barcelona: Herder - Judith Herman (2004). Trauma y recuperación. Madrid: Espasa Calpe - Froma Walsh (2004). Resiliencia familiar. Buenos Aires: Amorrortu - Lafuente Mª Jose, Cantero Mª Jose (2010). Vinculaciones afectivas. Madrid: Pirámide <p>Otra bibliografía de interés:González Pardo Héctor y Pérez Álvarez Marino (2007) La invención de trastornos mentales. Alianza Editorial S.A. Madrid. Video de Boris Cyrulnik sobre la resiliencia. https://youtu.be/nDjbcUosaPgBoris Cyrulnik: Resiliencia y arte, los relatos del trauma https://www.youtube.com/watch?v=6CC_g157QL0&sns=emVideo de redes sobre ?aprender a gestionar las emociones? https://youtu.be/q-KkdMrAz-8Luigi cancrini: ?Yo veo al niño que llora en cada paciente?http://www.lavanguardia.com/lacontra/20170301/42394984516/yo-veo-al-nino-que-llora-en-cada-paciente.html?utm_campaign=botones_sociales</p> |
| Bibliografía complementaria | Aportarase bibliografía actualizada a través de artigos científicos relacionados cos temas a traballar.O estudiantado disporá de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicología/750G01003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacología/750G01011

Materias que continúan o temario



Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Estadías Clínicas III/750G01027
Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031
Practicum/750G01032

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", esta materia ten en conta as recomendacións de SUSTENTABILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a PERSPECTIVA DE XÉNERO velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías